

Follas do Cineclub | 19/04/2017

Imperial Eyes
(Imperial Eyes, Pablo Marte,
País Vasco, 2015, 52', VO)
Coa presenza do director

02

- Segundo testemuñas presenciais, cando Ulises regresa a Ítaca, Telémaco, o seu fillo, recíbeo con «alegría televisada». Os expertos falan de «xestión emocional en diferido».

- Víase vir.

- Como é iso?

- A Odisea comeza dun modo estraño. Durante os cinco primeiros cantos, Ulises, o heroe, permanece ausente. Ítaca é narrada en escenas nocturnas, un reino de sombras no que hai un estraño xogo de espellos. Come do relato o neno Telémaco, que se fai adulto. Creceu coa especulación como canción de berce: a facenda en perigo, os pretendentes da súa nai, que agardan a súa decisión unha vez acabe o sudario, dedícanse entre tanto a devorar o patrimonio e comen as mellores cabezas de gando (o nome da súa nai, Penélope, significa «fío que conduce a trama» e ela desfai de noite o que tece de día: invención da economía narrativa, e posto que durme soa no cuarto onde tece, encima do tear, dise dela que «vive por encima das súas posibilidades»). Obsérvase no mozo unha crecente

«compulsión especular». O fillo trata de emular ao pai ausente. Imítalle con afán encarnizado. Cando Ulises, aínda sen descubrir a súa identidade, pero xa desprovisto das esmoleiras vestiduras, preséntase ante Telémaco, este, admirando o seu corpo, «propio dun inmortal», bótalle flores. Ulises apresúrase entón a declarar que é o seu pai. Por un instante xérase unha incómoda confusión entre ambos, confusión que o tempo fará inevitable.

- Foi por iso que o pai desterrou ao fillo?

- A luz non trae senón un novo xogo de reflexións especulares. Só os cans recoñecen a Ulises, que con todo se apoltrona no trono. Telémaco, que xa non pode ser Ulises con Ulises presente, aliñase coa disidencia máis radical, un grupúsculo conspirador que leva o nome de Weekend e reúnese en garitos de luz láser. Apela ao cambio dos tempos. Do que segue alimentáronse varios séculos de ópera. Detencións. Prisión preventiva para o fillo. E, finalmente, desterro. A escena pintada consérvase no Hermitage: Ulises, unha man ocultando o rostro, sinala coa outra o triste destino da súa estirpe: un cruceiro polo Mediterráneo.

- Maldicindo ao seu pai («lévao nos ollos», murmuran os mariñeiros), arrastrado por un «escuro romanticismo», viaxa Telémaco ás illas Afortunadas, outrora terra de ciclopes, ao encontro de Polifemo, a besta antropófaga que o seu pai burlou, cegou, expropiou, agora bébedo de porto e tugurio. Que é este «escuro romanticismo»? Fálase de FORZA A TRAVÉS DA REPRESENTACIÓN (Kraft durch Vorstellung), VONTADE DE MUNDO, DESEXO CEGO, CULTURA CIRÚRXICA, LUMPENDEPENDENCIA?

- Admiracións non correspondidas, que, sobra dicir, son as que saquean e matan. No fondo, a sacudida que precede a volta á orde. El é produto dos reaxustes que precipitan unha evasión de época.

- Unha evasión de época?

- As épocas non só cambian no tempo. Pódense trasladar dun lugar a outro. Hai auténticos vertedoiros de épocas, onde estas quedan abandonadas. Hai, tamén, paraísos epocales, nos que non se lles debe tributo.

- Busca Telémaco un paraíso epocal?

- Busca argumentos con vistas. Immobile-
aire. Poor rich boy.

TELÉMACO, AQUEL QUE LOITA A DISTANCIA?.

PABLO MARTE

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ABR
2017

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

📍 cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONES

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

5 DE ABRIL

Sesión de curtametraxes experimentais musicadas por Lois Carlin e Montaña Muerte

19 DE ABRIL

Imperial Eyes
(Imperial Eyes, Pablo Marte, País Vasco, 2015, 52', VO)
Coa presenza do director

22 DE ABRIL

FESTA DO 16º ANIVERSARIO DO CINECLUBE DE COMPOSTELA

19:00 | Proxeccións

O señor Jazz mozo
(Young Mr. Jazz, Hal Roach, EUA, 1919, 10', VOSG)
Those were the Days
(Those were the Days, Aki Kaurismäki,

Finlandia, 1992, 4', VO)
Mentres teñamos a embriaguez
(Pourvu qu'on ait l'ivresse, Jean-Daniel Pollet, Francia, 1958, 20', VO)

21:00 | Concertos | Entradas para as bandas: de 5 euros a 8 euros.

Mounqup
Guateque Escampe
Lamprea Explosiva
+ Entrega de premios de OH MY GIF

00:30 | Picadisees
Sesión DJ Chapaev

26 DE ABRIL

O rito da filla
(Daughter rite, Michelle Citron, EUA, 1980, 53', VOSG)